

Ourense, 4 de setembro de 2020

Queridas familias:

Achegámonos ao inicio de curso esperando que todas e todos vós e as vosas familias esteades cheos de saúde a pesares das circunstancias que seguimos a vivir.

Como podedes saber polos medios de comunicación desde as autoridades sanitarias e educativas da nosa Comunidade estableceuse un protocolo para este novo curso 2020-2021 de data 22 de xullo, cunhas actualizacións de data 28 de agosto e á espera de posibles modificacións para o vindeiro luns día 7 de setembro. A partires deste protocolo os centros educativos tiñamos que adaptar o Colexio á nova realidade.

Queremos que sexades partícipes que, desde o mes de xullo, estamos a traballar arreo na elaboración do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 para o curso que estamos a piques de comezar e na adecuación do noso centro para que responda ás necesidades actuais, converténdose nun entorno seguro baseado nas medidas de prevención e hixiene. Unha vez rematado dito protocolo, será feito público a toda a comunidade educativa antes do primeiro día de curso.

Sen embargo, e para a vosa tranquilidade, queremos adiantarvos diferentes aspectos que, de non cambiar drasticamente a situación actual son xa definitivos e poden ser de moita utilidade para dar resposta ás vosas inquietudes.

1. Suspensión de diferentes eventos previstos do primeiro trimestre:

Debido ás restricións e recomendacións das autoridades educativas e sanitarias quedan definitivamente suspendidos, a pesares da tristeza que nos provoca por ser eventos de grande importancia para o noso Colexio, os seguintes:

- Excursión Fin de Etapa de Primaria a Madrid. (6º EP)
- Camiño de Santiago (3º-4º ESO).
- Gradación Secundaria (4º ESO).
- Gradación Formación Profesional Básica (2º FPB).

2. Titorías

<u>4º EI:</u>	Lucía Fernández Constenla	<u>1º ESO:</u>	Fco. Javier Vázquez Fernández
<u>5º EI:</u>	Héctor Vilas López	<u>2º ESO:</u>	Mª Luz Grande Blanco
<u>6º EI:</u>	Ana Álvarez Castro	<u>3º ESO:</u>	Patricia Borrajo Zon
<u>1º EP:</u>	Iria Fernández Sueiro	<u>4º ESO:</u>	Concepción Vilachá Fernández
<u>2º EP:</u>	Belén Vidal Rodríguez	<u>1º FPB:</u>	Belén Girón Vélez
<u>3º EP:</u>	Rut M. Chaves Iglesias	<u>2º FPB:</u>	Maricarmen Pato Nieto
<u>4º EP:</u>	David Manzano González		
<u>5º EP:</u>	Manuel Martínez Fernández		
<u>6º EP:</u>	Ledicia Estévez Couceiro		

3. Plataforma Esemtia

Desde o martes 8 de setembro, unha vez concluída a convocatoria extraordinaria de setembro, a plataforma **Esemtia** estará habilitada para o curso 2020-2021 polo que xa teredes comunicación cos titores/as das vosas fillas e fillos.

4. Madrugadores e comedor escolar

Iniciarase o servizo de madrugadores (7:30 - 9:00) e comedor escolar (14:00-15:30) o xoves día 10 de setembro.

O alumnado de madrugadores e do comedor respectarán en todo intre a distancia interpersoal de 1,5 m con postos fixos.

Para unha correcta planificación pregamos que, aqueles que estean interesados no uso dun destes servizos, cubran o formulario que se achega con esta comunicación antes do día 9 de setembro. [[Enlace ao Formulario](#)]

5. Actividades extraescolares

A través da nosa plataforma Esemtia achegaremos a oferta mediante formularios para a inscrición online tanto do Club Depordima coma o resto de actividades.

6. Composición do equipo Covid-19 do Colexio:

- Álvaro Cid Bragado (Director Xeral)
- Salomé Vilachá Fernández (Directora Pedagóxica)
- Rut Chaves Iglesias (Responsable de Acción Evanxelizadora)

7. Organización das aulas

- ✓ Dotadas de dispensadores de xel hidroalcohólico.
- ✓ Ausencia de materiais prescindibles para facilitar desinfección.
- ✓ Ventilación ao remate de cada clase.
- Educación Infantil:
Agrupamentos estables dun máximo de cinco alumnos/as e distancia entre grupos de 1,5 m.
- Educación Primaria:
Alumnado disposto de xeito individual e na mesma dirección dentro do seu grupo de convivencia.
- Educación Secundaria e Formación Profesional Básica:
Distancia mínima interpersoal de 1,5 m cos postos nunha mesma dirección.

8. Organización dos espazos comúns

Queda restrinxido o uso da biblioteca, laboratorios, capela, aulas de tecnoloxía e aulas TIC.

9. Organización dos recreos

Establécense diferentes recreos e zonas delimitadas no patio para cada grupo/clase convivindo neste tempo de lecer exclusivamente co seu grupo.

10. Limpeza do Colexio

Estará reforzada a limpeza e desinfección habitual do centro, especialmente o que se refire aos aseos ao longo da xornada lectiva.

11. Medidas de prevención e hixiene do alumnado

- ✓ Todos os alumnos/as deberán tomar a temperatura nas súas casas antes de comezar a xornada escolar e as familias responsabilizaranse de non envialos ao Colexio con febre nin síntomas compatibles coa Covid-19.
- ✓ Non poderán compartir material escolar.
- ✓ Evitarán tocar os ollos, nariz e boca.
- ✓ Farán limpeza de mans de xeito frecuente.
- ✓ Uso de máscara obrigatorio en todo o horario lectivo, agás o alumnado de educación infantil dentro do seu grupo/clase no que estará regulado polo seu mestre/a.
- ✓ Traerán todos os días, nunha funda ou estoxo, unha segunda máscara de recambio.

12. Medidas de prevención e hixiene do profesorado e persoal do centro

- ✓ Diariamente tomará a súa temperatura antes do inicio da xornada escolar.
- ✓ Uso de máscara obrigatoria durante toda a xornada .
- ✓ Todo o profesorado velará polo cumprimento das medidas do protocolo.
- ✓ Os titores/as manterán a comunicación telefónica ou telemática coas familias.

13. Inicio de curso

O inicio de curso farase de xeito gradual de acordo ao calendario que se expón a continuación. O primeiro día o alumnado non traerá os libros de texto nin material algún, agás o estoxo.

Día inicio	Horario	Curso	Porta de acceso
Xoves, 10 setembro	<i>Período adapt.</i>	4º EI	Rúa Río Corzo
	9:05 - 14:05	5º EI	Rúa Río Corzo
	9:05 - 14:05	1º EP	Principal
	9:00 - 14:00	2º EP	Principal
	8:55 - 13:55	3º EP	Principal

Venres, 11 setembro	8:55 - 13:55	6º EI	Rúa Río Corzo
	9:10 - 14:10	4º EP	Patio
	9:05 - 14:05	5º EP	Patio
	9:00 - 14:00	6º EP	Patio
Mércores, 16 setembro	8:05 - 13:55	1º ESO	Patio
	8:05 - 13:55	2º ESO	Principal
Xoves, 17 setembro	8:00 - 13:50	3º ESO	Patio
Venres, 18 setembro	8:00 - 13:50	4º ESO	Principal
	8:10 - 13:45	1º FPB	Principal
	8:10 - 13:45	2º FPB	Patio

14. Horario durante o curso e portas de acceso

Co fin de velar pola seguridade de todos/as, pregamos que se respecte escrupulosamente a hora de entrada pois cada curso ten unha establecida. Así mesmo, deberemos manter a distancia interpersoal nas entradas para elo imos tentar utilizar o parque que está a carón do Colexio para esperar alí á miña quenda e así evitar as aglomeracións nas diferentes entradas e saídas. O alumnado deberá entrar so e realizar a hixiene de mans e calzado no punto de acceso.

Horario	Curso	Porta de acceso
9:00 - 14:00	4º EI	Rúa Río Corzo
9:05 - 14:05	5º EI	Rúa Río Corzo
8:55 - 13:55	6º EI	Rúa Río Corzo
9:05 - 14:05	1º EP	Principal
9:00 - 14:00	2º EP	Porta Principal
8:55 - 13:55	3º EP	Porta Principal
9:10 - 14:10	4º EP	Porta Patio
9:05 - 14:05	5º EP	Porta Patio
9:00 - 14:00	6º EP	Porta Patio
8:05 - 13:55 15:35 - 17:25 (luns)	1º ESO	Porta Patio
8:05 - 13:55 15:35 - 17:25 (luns)	2º ESO	Porta Principal
8:00 - 13:50 15:30 - 17:20 (luns)	3º ESO	Porta Patio
8:00 - 13:50 15:30 - 17:20 (luns)	4º ESO	Porta Principal
8:10 - 13:45 17:40 - 17:30 (luns)	1º FPB	Porta Principal
8:10 - 13:45 17:40 - 17:30 (luns)	2º FPB	Porta Patio

Agradecemos de antemán toda a vosa confianza e colaboración nestes intres complexos que estamos a vivir. Tal e como reza o lema deste curso "Ti, échelo todo" poñémonos nas mans do noso Divino Maestro para que nos acompañe nesta difícil, pero á vez, apaixonante tarefa de seguir educando para a vida. Por favor, non baixedes a garda que xa falta menos.

Unha forte aperta en nome de todo o persoal do centro,

O Equipo Directivo